

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA da Asociación cívico-cultural Terra de Outes, celebrada no local social de Outes. Sábado, 16 de xaneiro de 2016.

Sendo as 14:10 horas do día 16 de xaneiro de 2016, no local social de Outes, reúnese en segunda convocatoria, en asemblea xeral ordinaria, a asociación cívico-cultural Terra de Outes.

Asisten AS MESMAS PERSOAS QUE NA ANTERIOR ASEMBLEA (xeral ordinaria da mesma data): Xoán Mariño, Paz González, Xesús Mato, Lidia Vicente, Xosé Dios, Enrique Vidal, Vicente Abelleira, Xosé Manuel Vázquez, Rafael Fontenlos, Xavier Suárez, Montserrat Aguado, Ricardo Rodríguez, José Antonio García, Alejandro Pombo e Ramón Blanco.

O único punto a tratar é a "Proposta de federación da nosa asociación no GACC (Grupo de Acción Costeira Catro)".

O presidente explica por que convén federarnos no GACC e dálle a palabra a Xesús Mato. Este aclara que o grupo no que nos imos federar se chama actualmente GALP e non GACC. Nós formariamos parte dese grupo como membros da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial. O noso representante sería Pepe Sacau. A cota anual debe rondar uns 12 euros por cada asociación. Apróbase por unanimidade a nosa integración.

E sen ningún outro particular que tratar, levántase a sesión sendo as 14:17 horas, do cal dou fe como secretario.
En Outes, a 16 de xaneiro de 2016.